

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA PARA O ESTUDO E INVESTIGACIÓN DOS ESGRAFIADOS NA RIBEIRA SACRA

En Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, **María Nava Castro Domínguez**, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra, o Consorcio Turismo Ribeira Sacra, e no seu nome e representación **Luis Fernández Guitián**, na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren no artigo 12 dos Estatutos do Consorcio Turismo Ribeira Sacra, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que de conformidade co previsto no artigo 149 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos poderán constituír consorcios locais entre si ou con outras administracións públicas para fins de interese común, ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público concorrentes

cos das administracións públicas. Os consorcios locais son Entidades Locais dotados de personalidade xurídica propia e de capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos que veñen determinados nos seus respectivos estatutos.

Que no artigo 5º dos Estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, establécense como fins do mesmo: planificar, xestionar e promover o desenvolvemento turístico da zona, fomentar e desenvolver actuacións e actividades en materia turística coordinando todos os esforzos e iniciativas que se realicen cunha visión de conxunto no ámbito do consorcio, fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona entre outros.

Que ao abeiro do establecido no artigo 12 dos Estatutos do Consorcio Turismo Ribeira Sacra son competencias do Presidente: A representación legal e a sinatura de cantos documentos públicos e privados sexan necesarios ou útiles para o cumprimento dos seus fins.

Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos. Entre os seus fins están o de promover a oferta turística existente e para isto, considera estratéxico o desenvolvemento dun conxunto de accións de apoio á promoción das distintas partes do territorio que posibilite así a competitividade de Galicia fronte a outros destinos.

A Ribeira Sacra conta cuns valores endóxeos de alto valor natural e cultural que a converten nun destino único: os seus bosques e fragas, o seu legado patrimonial histórico - artístico, e a súa enogastronomía constitúen vantaxes competitivas que a sitúan como un recurso turístico de primeira orde.

Ao mesmo tempo, procúrase a través deste convenio a sensibilización tanto aos visitantes como aos propios veciños da zona sobre a importancia de preservar e poñer en valor un patrimonio natural, artístico e cultural que, ademais de ter unha clara proxección turística, é un importante factor de dinamización económica e de redistribución da riqueza. As actuacións levadas a cabo divulgarán a potencialidade da Comunidade Autónoma como receptora dun turismo de calidade que incida no seu maior desenvolvemento e coñecemento no exterior.

Por parte da Axencia Turismo de Galicia considerase axeitado, por razóns de interese público e social, colaborar nas actuacións deste convenio co Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, e de acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades posto que se trata dunha zona que dende o punto de vista turístico é un referente en Galicia e fóra dela, cunha alta proxección turística baseada no patrimonio cultural, a paisaxe e a enogastronomía.

Estas accións enmárcanse nunha estratexia de perseverar nos territorios que xa tiveron plans de dinamización ou excelencia turística tratando de continuar coa colaboración interadministrativa e facer destinos turísticos singulares e diferenciadores que especialicen a súa oferta turística para enriquecer o conxunto de Galicia.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición deste convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Nas paisaxes da Ribeira Sacra, e arredor dos Camiños de Santiago ao seu paso pola mesma —nomeadamente arredor do recuperado Camiño de Inverno que discorre polo centro do territorio e nas paraxes do recoñecido Camiño Francés polo norte—, temos nas decoracións feitas con cal unha das máis salientables formas de ornamentación. Son os chamados "encintados", moitas veces verdadeiros esgrafiados populares. Uns elementos de valor patrimonial moi estimado noutros itinerarios turísticos peninsulares, europeos e mundiais *, que integran con harmonía na paisaxe os elementos arquitectónicos, recuperando uns saberes e unha tradición secular, coa que hoxe se denomina como "bioconstrución", e ofrecendo uns dos motivos máis singulares e auténticos de cara á promoción turística da Ribeira Sacra.

O obxecto deste convenio é a documentación e investigación do legado do esgrafiado na Ribeira Sacra como elemento diferenciador que culmine cunha publicación para a súa posta en valor e que sirva de base técnica das actuacións materiais que se podan realizar nun futuro. Así mesmo, é prioritario iniciar a recuperación dos encintados/esgrafiados máis senlleiros e/ou de maior valor patrimonial danados polo paso do tempo e polos axentes corrosivos. Para iso aplicaríanse as técnicas e materiais tradicionais igual que se faría coa creación de novos elementos para exemplarizar o esgrafiado como técnica decorativa para novas construcións. Así mesmo, búscanse novas aplicacións cunha complementariedade entre as técnicas e materiais tradicionais e as técnicas e materiais máis vangardistas empregados nos murais da coñecida "arte urbana" que, levada ao rural.

Deste xeito, propónse estudar, recuperar e divulgar un potencial da nosa tradición cultural, que vai dos encintados aos esgrafiados, como recurso ofrecido para a propia comunidade e o turismo do noso tempo. Configurando unha nova icona, unha nova memoria colectiva nos veciños e unha nova imaxe nos visitantes da Ribeira Sacra.

Para isto, a Axencia Turismo de Galicia e a Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra colaborarán no desenvolvemento das seguintes actuacións:

1.- Investigación e publicación dixital sobre esgrafiados

Para investigar e redescubrir as ornamentacións con cal, dos encintados aos esgrafiados, realizáranse as seguintes accións:

- a) Establecer delimitacións espaciais, xeográficas e no tempo, datacións e soportes
- b) Sinalar a especificidade da Ribeira Sacra e arredor dos Camiños a Santiago
- c) Estudo das técnicas de execución, autores e paralelismos
- d) Funcións e interpretacións das decoracións con cal
- e) Aclarar e incorporar vocábulos, termos e conceptos: encintado, grafito inciso e esgrafiado
- f) Identificar elementos patrimoniais de interese como recurso, con potencial para preservar como legado patrimonial e promoción do turismo cultural na Ribeira Sacra

2.- Execución material

2 restauracións de esgrafiados

1 novo esgrafiados técnica tradicional

1 intervención mixta: esgrafiado con técnicas novidosas (muralistas)

Ademais de facer un estudo dos encintados e os esgrafiados de Ribeira Sacra, esta proposta pretende actuar sobre os mesmos para a súa recuperación, conservación e ampliación das actuacións. Sería a fase de execución e nela diferenciamos tres vertentes para aplicar nos muros da Ribeira Sacra:

- a) Conservativa:** Recuperar e restaurar algúns dos esgrafiados máis representativos que aínda se conservan.

b) Embelecemento tradicional: Elaboración de novos esgrafiados usando a técnica tradicional. Neste caso modificarase o lenzo, o soporte sobre o que se traballará será muros de ladrillo ou bloque de cemento (normalmente atopamos os esgrafiados protexendo muros de pedra e ocasionalmente tixolo, armazón, trenzado e barrote de madeira) onde estes destaquen afeando a contorna ou recurso turístico singular. Os motivos serán os máis representativos da zona reivindicando o sinal de identidade.

c) Aplicación contemporánea: Encamiñada á elaboración de murais que combinen a técnica tradicional do esgrafiado e o deseño de autor (artistas locais/nacionais/internacionais), de maneira que estes se integren de forma harmónica coa contorna. Do mesmo xeito que os anteriores, buscarán a diminución do impacto visual de elementos construídos en ladrillo ou bloque da contorna, pero buscando unha combinación de técnicas con resultados nunca vistos.

3. Obradoiros, conferencias e xornadas de posta en valor

Obradoiros

Organización de obradoiros para difundir as técnicas empregadas na realización de esgrafiados, participando tanto os artistas locais ou de fóra como a poboación local como públicos obxectivos principais. Os participantes terán a oportunidade de coñecer todos aqueles materiais empregados no esgrafiado (tipos de pinturas, ferramentas, fabricación do morteiro de cal, etc.), e de observar e practicar a súa aplicación.

Esta actividade pode ser unha canle sensibilizadora coa que pretendemos facer partícipes do proxecto á veciñanza, achegar coñecementos e ao mesmo tempo, animar a que contribúan coa integración paisaxística e arranxo de todos aqueles elementos que catalogados como *feísmo*. Non só poderían contribuír ao embelecemento do destino, senón que se recuperarían e porían en práctica antigas técnicas do esgrafiado, favorecendo a súa continuidade.

Os títulos e contidos para os obradoiros, serían os seguintes:

Colorea a Ribeira Sacra: Obradoiros de oito horas (divididos en 4 xornadas) sobre técnicas mixtas (mural/graffiti + esgrafiado) dirixidos ao público infantil.

Introdución ás técnicas de esgrafiado con cal: Obradoiros de oito horas (divididos en dúas xornadas) sobre a recuperación e realización de novos esgrafiados dirixidos a arquitectos, restauradores, construtores e outros públicos de carácter profesional.

Mural colaborativo na Ribeira Sacra: Obradoiro de oito horas (dividido en 2 xornadas) destinado a realizar unha intervención de participación popular onde se combinen as técnicas do esgrafiado e a técnica mural.

Conferencias e xornadas informativas

As **conferencias** constitúen o medio para dar a coñecer e difundir exitosas experiencias de embelecemento nas que a pintura, o cal e/ou cas cores teñan sido os elementos protagonistas.

Participarán tanto especialistas na materia como público en xeral, nas que os profesionais implicados nos proxectos amosarían a evolución do proceso e impacto da realización das súas obras, así como as técnicas que empregaron en cada caso.

Con isto fomentárase o debate entre especialistas e entre estes e a propia poboación do lugar, o que dará lugar a se compartan coñecementos, que se fomenten liñas de actuación futuras, que se consoliden e amplíen as actuacións existentes,... En definitiva, que se poñan en valor as ferramentas existentes na “loita contra o *feísmo*” se garanta a sustentabilidade da nosa paisaxe.

Ademais das conferencias, organizáranse **xornadas informativas** nos diferentes concellos que integran o CTRS para informar sobre o proxecto *Máis que cor na Ribeira Sacra* e sobre a normativa existente no que á estética arquitectónica e ordenación urbanística se refire.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a celebración das accións obxecto deste convenio ascende a un total de 41.760,43 (IVE incluído) que se distribúen deste xeito:



Acción	
Investigación e publicación dixital sobre esgrafiados	16.760,43 €
2 restauracións de esgrafiados	22.000 €
1 novo esgrafiados técnica tradicional	
1 intervención mixta: esgrafiado con técnicas novidosas (muralistas)	
Obradoiros, conferencias e xornadas de posta en valor	3.000 €
	41.760,43€

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de **41.760,43€** con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3, código de proxecto 2015 00006, procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

A achega da Axencia Turismo de Galicia canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra unha vez presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.

Terceira. - Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que

se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2017. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cuarta.- Compromisos das partes

a) O Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra queda obrigado á realización das referidas actuacións, comprometéndose a:

1. Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
2. Supervisar as actuacións obxecto do convenio, así como a súa execución.
3. Solicitar os permisos e autorizacións pertinentes para a súa execución.
4. Incluír en toda a documentación e soportes da obra que se realice, que esta conta coa colaboración da Xunta de Galicia, así como a “Marca Turística de Galicia” regulada polo Decreto 121/2011, do 16 de xuño.
5. Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia de acordo co previsto no punto 4.
6. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
7. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
9. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
10. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

b) Pola súa banda, a Axencia Turismo de Galicia comprométese á realización das achegas establecidas na cláusula segunda. Así mesmo, a Axencia Turismo de Galicia realizará o pagamento dos importes xustificados polo Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, de conformidade co disposto na cláusula oitava.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma

finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- g) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.

- h) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- i) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- j) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

Sétima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia

Oitava.- Xustificación de fondos e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

- a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de

obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de tasador/a independente debidamente acreditado/a inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de se lo caso dos criterios de repartición dos custos xerais e/o indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra deberá remitir a Axencia Turismo de Galicia unha reportaxe fotográfica na que se constate o resultado final unha vez executadas as actuacións, así como o cumprimento das obrigas de publicidade que se fai referencia na cláusula cuarta.

Así mesmo de acordo co artigo 8 do dito Decreto 193/2011, de 6 de outubro, a conta xustificativa debe incluír a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas ás facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Por outro lado, o consorcio deberá acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

No caso de xustificarse unha contía menor ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda e sempre que se realice a actuación descrita na cláusula primeira, a Axencia Turismo de Galicia alcanzará o importe correspondente á contía xustificada.

De conformidade co disposto no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, considerarase gasto realizado cando se contabilizase o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos abonos das subvencións concedidas.

A comunicación relativa á obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o consorcio deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia resérvase o dereito a solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa será o **15 de decembro de 2017**.

Novena.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sen que se sobrepase a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio por importe do 100% da subvención concedida, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do citado Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, o consorcio deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o consorcio está exonerado de constituír garantía relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.

Décima.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia, e un representante designado polo Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo primeira.- Reintegro da subvencións

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décimo segunda.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos deste convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo cuarta.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O cumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.

Décimo quinta.- Publicidade do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo sexta.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Décimo sétima.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, terá vixencia ata o 15 de decembro de 2017.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman dous exemplares do presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

A directora de Turismo de Galicia

O presidente do Consorcio de Turismo da
Ribeira Sacra

M^a Nava Castro Domínguez

Luís Fernández Guitián